

ANALES DE LA ACADEMIA
DE CIENCIAS VETERINARIAS
DE GALICIA
(An. Acad. CC. Vet. Gal.)



2009

VOLUMEN II

Número 1

ACADEMIA DE CIENCIAS VETERINARIAS DE GALICIA

Hospital de San Roque. Rúa de San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

COMITÉ CIENTÍFICO

J. L. BENEDITO CASTELLOTE

P. DÍEZ BAÑOS

M. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

A. HERMIDA TRASTOY

J.L. VÉREZ FRAGUELA

P. VILA ARIAS

A. CRESPO IGLESIAS

F. RICO RODRÍGUEZ

Depósito Legal: OU 141-2009

ISSN: 1889-3473

**ANALES DE LA ACADEMIA DE CIENCIAS
VETERINARIAS DE GALICIA
(An. Acad. CC. Vet. Gal.)
Volumen 2. Número 1.**

SUMARIO

“A protección das persoas consumidoras en materia de seguridade dos produtos”. Dr. D. Manuel Ángel Barros González	7
“La validación de métodos de ensayo de ELISA”. Dr. D. David Fernández García	39
“Razas autóctonas e desenvolvemento sostible”. Dr. D. Castor José Rivero Martínez	67
“Lasanimidadanimalenelcomerciointernacional”. Dr. D. Samuel Jesús Juárez Casado	87

ACTIVIDAD ACADÉMICA

Discurso del Dr. D. Miguel Fernández Rodríguez , de recepción del académico correspondiente Dr. D. Manuel Ángel Barros González.....	115
Discurso del Dr. D. Pablo Díez Baños , de recepción del académico correspondiente D. David Fernández García.....	129
Discurso del Dr. D. Miguel Fernández Rodríguez , de recepción del académico correspondiente Dr. D. Castor Jose Rivero Martínez.....	145
Discurso del Dr. D. Andrés Hermida Trastoy , de recepción del académico correspondiente Dr. D. Samuel Jesús Juárez Casado.....	155
Sesiones Científicas	167

A PROTECCIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS EN MATERIA DE SEGURIDADE DOS PRODUTOS

Manuel Á. Barros González

INTRODUCCIÓN

O tema que elixín para a miña charla non é outro que o da seguridade dos produtos non alimenticios, materia á que dediquei a maior parte do meu traballo durante os últimos tres anos. Pola súa amplitude, se cadra pode resultar pretencioso abordalo en tan pouco tempo, pero non quixen deixar pasar a ocasión de presentar unha materia que, aínda que singular e, se vostedes queren, exótica como ocupación dun veterinario, resulta incluso apaixonante a pouco que un afonda nela. Son consciente de que pola nosa condición de persoas consumidoras resultarían máis atractivos outros eidos do consumo nos que con maior probabilidade tiveramos algunha vez a desagradable sensación de ser inxustamente tratados ou mesmo enganados, ou nos viramos na obriga de presentar unha reclamación.

Porén, seguramente sería unha ousadía internarme en terreos nos que os meus coñecementos son moi limitados. Daquela, a miña intervención centrarase nun só dos dereitos que hoxe asisten os consumidores, aquel co que si acostumamos a lidiar no noso colectivo, o dereito á protección da saúde e á seguridade; un dereito que adquiriu unha importancia crecente nesta sociedade avanzada na que nos tocou vivir, esa que Beck chamou

a “sociedade do risco”, na que a obriga de garantir un alto nivel de protección para a poboación lles foi encomendada en última instancia ás Administracións Públicas.

A mellora dos procesos produtivos e no nivel de vida trouxeron consigo un aumento exponencial da oferta de produtos no mercado. Aínda que unha gran maioría dos produtores son conscientes da súa responsabilidade e cumpren escrupulosamente a legalidade, non faltan desaprensivos que unicamente procuran o seu enriquecemento da maneira máis rápida posible. Por outra banda, o actual proceso de globalización contribuíu ao desenvolvemento e ao establecemento de redes comerciais complexas, nas que os produtos frecuentemente deberán de percorrer moitos quilómetros antes de chegaren aos puntos de venda.

Neste escenario resulta factible que cheguen a comercializarse artigos que poden presentar riscos para os usuarios. Todos sabemos que calquera actividade humana implica algún risco. Escoitamos ata a saciedade a máxima de que “o risco cero non existe”, pero o obxectivo dos poderes públicos ten que ser sempre reducilos ata niveis admisibles. Como queira que sexa inviable para unha persoa consumidora diferenciar con exactitude un produto perigoso daqueles que non o son, foi necesario idear sistemas cuxos obxectivos son, por unha parte, a identificación dos produtos inseguros e, por outra, a adopción das medidas necesarias para evitar que poidan chegar ao consumidor ou mesmo para recuperalos cando xa foran adquiridos.

Ben é certo que unicamente as sociedades avanzadas e acomodadas poden dedicar a suficiente atención a cuestións como a seguridade dos produtos e, por extensión, a todo o dereito de consumo unha vez que outras

necesidades máis perentorias fosen cubertas de maneira satisfactoria. Por iso resulta evidente que esta situación só se pode repetir nos que coñecemos como países desenvolvidos xa que moitos dos aspectos aos que hoxe nos imos referir non teñen sentido en sociedades menos avanzadas, nas que a poboación se segue enfrontando ás máis severas penurias, mesmo na cobertura das súas necesidades básicas.

MARCO LEGAL DA SEGURIDADE DOS PRODUTOS

Afianzar este sistema só foi posible despois de todo un proceso ao que asistimos durante as últimas décadas que desembocou na consolidación dun novo campo do dereito. Isto é, o que hoxe coñecemos como dereito do consumo, o cal, cando menos sobre o papel, dotou os consumidores dunha verdadeira éxida defensiva fronte aos abusos dos que poden ser obxecto por parte das empresas. Dentro deste proceso, a seguridade dos produtos situouse ata hai ben pouco nun escuro segundo plano e, de feito, a promulgación das normas que a regulan supuxo un dos seus postremos capítulos.

Non obstante, malia ser unha das súas máis recentes parcelas, rapidamente abandonou o seu papel de Cincenta, algo ao que sen dúbida contribuíu a repercusión mediática dos sucesivos episodios acontecidos nos últimos anos, unhas veces os causados pola utilización de compostos tóxicos nas pastas dentais, outras polos debidos aos problemas derivados da migración de metais pesados a partir das pinturas usadas en determinados xoguetes ou —máis recentemente— os producidos polas reaccións alérxicas causadas polo uso de dimetilfumarato como axente desecante en certos tipos de zapatos ou sofás. Aínda que non se trate máis que de casos puntuais no

medio da voráxine de avisos e alertas coas que nos enfrontamos cada ano, polo menos temos que recoñecer o papel que este eco público tivo na familiarización da poboación con este tema, aínda que non sempre as informacións subministradas polos medios se caractericen pola súa seriedade. Así, ás veces aparecen tinguidos de sensacionalismo e ateigadas de informacións pouco rigorosas e sen fundamento científico que en nada axudan a reforzar a confianza das persoas consumidoras.

Para atopar a base do actual sistema de protección legal que lle afecta á seguridade dos produtos temos de acudir ao dereito europeo. Se ben nos primeiros tratados da Comunidade, a figura do consumidor non aparece máis que de forma tanxencial, e aínda que na Acta Única Europea de 1986 se incluían referencias expresas á protección da saúde e á seguridade dos consumidores, non sería ata a entrada en vigor do Tratado de Maastricht en 1993 cando a política europea de consumo recibise o recoñecemento definitivo para a súa consolidación.

Á súa sombra promulgouse un importante número de disposicións, entre as que, no campo que nos ocupa, merecen especial mención a Directiva, sobre responsabilidade civil polos danos ocasionados por produtos defectuosos e a primeira versión da actual Directiva de seguridade xeral dos produtos. Por fin, en 2008 aprobouse un paquete lexislativo co que se pretende establecer un novo marco para a comercialización dos produtos mediante o fortalecemento do papel da vixilancia do mercado, a harmonización lexislativa entre os Estados membros e o establecemento de novas regras para mellorar a trazabilidade dos produtos.

Aínda así, a fecundidade lexislativa que caracterizou estes anos derivou na

actual seca de iniciativas e ralentización normativa nunha Europa marcada hoxe en día por un perigoso individualismo dos seus líderes, que sitúa as institucións comunitarias nun triste e improdutivo segundo plano.

Mentres tanto, en España, a xénese do marco legal de protección do consumidor sufriu un considerable atraso con respecto aos países do noso medio, de tal xeito que case poderíamos afirmar que foi inexistente ata ben entrada a década dos oitenta, na que desafortunados sucesos como o envelenamento masivo por aceite de colza desnaturalizado asumiron o papel de catalizador sobre o proceso de elaboración e publicación de leis que en maior ou menor medida incluían aspectos relacionados con este tema.

Porén, neste país, o gran fito na consagración da protección do consumidor como un dereito fundamental do cidadán marcouno a aprobación da Constitución de 1978, un dereito que aparece recollido de forma explícita no seu artigo 51, no que ademais se lles traslada aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade e a saúde.

Galicia asumiu no seu Estatuto a competencia exclusiva en materia de consumo e foi unha das primeiras autonomías en promulgar lexislación propia neste campo —o Estatuto galego do consumidor e o usuario— sometida na actualidade a unha máis que necesaria revisión en profundidade, coa que se lles pretende dar resposta ás demandas e necesidades actuais dos consumidores galegos e adaptala aos novos tempos. No entanto, como queira que a actual lexislación galega non recolle máis que tímidas aproximacións aos aspectos relacionados coa seguridade dos produtos,

tomaremos como referencia a partir de agora a lexislación estatal, na que si acadan unha maior relevancia.

Deste xeito, temos que mencionar en primeiro lugar o Real decreto lexislativo 1/2007, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, co que se pretendeu unificar unha boa parte do mare mágnum lexislativo existente neste campo de xeito que se integrase nunha única lei a todas as que teñen como obxecto a protección do consumidor. Pero este era un obxectivo complicado que en absoluto se conseguiu con esta nova disposición.

Con todo, na materia que nos ocupa supliu algunhas das carencias das que adoeceía a lei xeral anterior. Nela aparece por primeira vez recollido nunha norma con rango de lei o deber xeral de seguridade, que establece que os bens ou servizos postos no mercado deben ser seguros. Doutra banda, ademais de impoñerlles diversas obrigas aos empresarios que máis tarde veremos en profundidade, tamén lles outorga apoio legal ás Administracións, tanto para a súa actuación en situacións de risco coma para o exercicio da súa potestade sancionadora.

Como segunda referencia citaremos o Real decreto 1945/1983, actualmente en proceso de revisión e actualización, aínda que mentres tanto a el seguimos recorrendo en aspectos tan importantes coma os procedementos de tomas de mostras ou as probas analíticas realizadas sobre estas, e mesmo en ocasións como base legal da acción coercitiva.

E deixei para o final o Real decreto 1801/2003, sobre seguridade xeral dos produtos, mediante o que se incorporou ao ordenamento español a Directiva

2001/95, e no que, como iremos vendo, se recolle o desenvolvemento regulamentario no que se basearán a maior parte das actuacións que levamos a cabo no noso traballo diario.

Trátase dunha disposición de carácter horizontal e natureza supletoria cuxo obxectivo primordial é o de asegurar que non se produzan nin comercialicen produtos inseguros, deber xeral de seguridade que é de aplicación a todos aqueles que vaian destinados ao consumidor ou poidan ser utilizados por el. Porén, o Real decreto non abrangue todo o universo de produtos existentes no mercado. Ao contrario, cando para un produto exista unha normativa específica que contemple a seguridade entre os seus obxectivos, o regulamento só se aplicará con carácter supletorio a aqueles aspectos que non recolla a dita normativa, e esta é a razón pola que, en condicións normais, esta norma non se aplica no caso dos alimentos e os pensos nin cando se trate de produtos sanitarios ou farmacéuticos.

Esta disposición imponlles deberes tanto aos produtores e aos distribuidores coma ás Administracións Públicas. Aos primeiros, ademais do deber xeral de seguridade, obrígaos a retirar, suspender ou recuperar dos usuarios calquera produto que supoña un risco para a saúde ou seguridade das persoas e mesmo prohibe importar artigos que non cumpran o establecido na lexislación, ademais de sometelos ao deber de informar os consumidores sobre os riscos que poidan derivar dunha utilización previsible do produto, así como a conservar a documentación que permita comprobar con rapidez e eficacia a orixe, distribución e destino dos bens potencialmente inseguros.

Se o corsé imposto aos responsables dos produtos é severo, a norma non é máis laxa á hora de establecer as obrigas dirixidas ás Administracións

Públicas, das que se espera algo máis cá simple vixilancia e comprobación de que os operadores cumpren os seus deberes de forma espontánea. Moi pola contra, responsabilízalas en última instancia de que todos os produtos que se atopen no mercado sexan seguros e instaas a adoptar as medidas necesarias cando existan situacións de risco, incluída a intervención directa sobre as cousas e a compulsi3n directa sobre as persoas, asemade que aconsella, cando sexa necesario, o recurso ao principio de precauci3n.

Antes de seguir avanzando, inter3sanos coñecer que entende o regulamento por **produto seguro**. Ser3 aquél que, en condici3ns de utilizaci3n normais ou razoablemente previsibles, non presente risco alg3n ou unicamente os riscos m3nimos compatibles co seu uso e considerados admisibles.

Na propia definici3n establ3cese o car3cter non absoluto do deber xeral de seguridade xa que limita os riscos ao **uso previsible** dos produtos, cuesti3n evidente xa que mesmo o ferro de pasar m3is seguro do mercado abandona automaticamente este car3cter se se converte nunha arma arreboladiza pero, claro est3, non 3 este o uso para o que foi fabricado.

Da mesma forma, a propia definici3n acouta o deber de informaci3n ao consumidor a aqueles **perigos que non sexan inmediatamente perceptibles**, escapando da corrente anglosaxona que obrigaba a indicar riscos que dificilmente catalogariamos como tales. Estou a referirme a esas advertencias de dubidosa utilidade que todos nos atopamos algunha vez do tipo “abrir a bolsa e extraer o produto para consumir” nunha bolsa de manises, “non pasarlle o ferro 3 roupa sobre o corpo” nas instruci3ns dun ferro de pasar, ou “non introducir animais” no caso dun microondas.

Doutra banda, tamén se reconece a existencia de riscos aceptados pola sociedade e así permítese a distribución e venda de, por exemplo, tabaco, alcohol ou amoníaco, produtos todos eles non exentos de riscos. Noutra orde de cousas, debemos considerar a **diferenza existente entre riscos aceptados e riscos descoñecidos**: por exemplo, ata hai poucos anos, o descoñecemento dos efectos nocivos dos ftalatos utilizados na fabricación de plásticos e a ausencia de técnicas analíticas capaces de detectar a súa presenza facía imposible o establecemento de restricións ao seu uso.

Por último, non podemos obviar que se pode producir a **aparición de novos riscos**, orixe de situacións marcadas pola incerteza científica, nas que o recurso ao principio de precaución caracterizará a reacción das Administracións Públicas no seu empeño por evitar a exposición da poboación, como aconteceu, por exemplo, en tanto non se identificou o papel etiolóxico do consumo das fariñas de carne e ósos procedentes de animais afectados pola enfermidade das vacas tolas.

Pero, que entendemos realmente por risco?. En seguridade dos produtos, **risco** é a probabilidade de que as persoas consumidoras e usuarias sufran un dano derivado da utilización, consumo ou presenza dun produto e o grao de severidade do devandito dano, é dicir, inclúe a valoración conxunta da probabilidade de que se produza un dano e a súa severidade, mesmo no caso de que non se materialice de forma inmediata. Debemos diferenciarlo de perigo, que sería o efecto potencialmente lesivo, orixinado polo produto. Agora mesmo, sen ir máis lonxe, atopámonos dentro dun edificio e existe un perigo de derrubamento. No entanto, o risco real de que isto aconteza é, esperémolo así, insignificante. Segundo os criterios expostos,

catalogábase como grave todo risco que esixa unha intervención rápida das Administracións Públicas.

Co visto ata agora estamos preparados para abordar o que vai ser o principal obxectivo da investigación no noso traballo, que non é outro que a avaliación da seguridade dos produtos.

PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN DA SEGURIDADE DOS PRODUCTOS

Para a catalogación dun produto como seguro ou, pola contra, a súa cualificación como inseguro resulta no noso caso imprescindible o concurso do persoal técnico do Laboratorio de Consumo de Galicia, aspecto este de capital importancia, toda vez que é a nosa a única comunidade autónoma que dispón dun laboratorio oficial propio, que a día de hoxe conta cun bo número de técnicas acreditadas e no que se realiza a maior parte dos ensaios de verificación da seguridade dos produtos que mostreamos con este fin.

Cando nos enfrontamos a un produto, existen determinados factores que de seu resultan suficientes para considerar é inseguro. Así sucede, por exemplo, cando carece dos datos mínimos que permitan identificar ao produtor ou cando pertence a unha gama ou a un lote no que se descubriu algún produto inseguro ou tamén cando, estando obrigado a isto, fora posto no mercado sen a correspondente declaración de conformidade, o mercado CE ou calquera outra marca de seguridade obrigatoria.

No entanto, a avaliación da seguridade dun artigo require as maioría das veces de procedementos máis complicados. En xeral, para constatar que un produto é seguro será necesario comprobar que cumpre os requisitos obrigatorios de saúde e seguridade establecidos na normativa obrigatoria ou nas normas legais que traspoñen normas europeas harmonizadas nas que se fixan estas condicións. Pero non para todos os produtos dispoñemos de normas de obrigado cumprimento nas que se fixen estes requisitos. Nestes casos teremos que recorrer a outros instrumentos como as normas técnicas nacionais que traspoñen normas europeas non harmonizadas, as normas UNE, as recomendacións da Comisión Europea, ou os códigos de boas prácticas.

NORMALIZACIÓN E CERTIFICACIÓN DE PRODUCTOS

E xa que temos que mencionar termos como norma harmonizada, norma UNE, mercado CE, etc., coído que debemos dedicarlles por un momento a nosa atención, porque con eles estamos a convivir, ben sexa de forma consciente ou ben inconscientemente. Ademais, no noso traballo representan un dos principais instrumentos para a comprobación do cumprimento das condicións de seguridade nos produtos industriais.

Cantas veces nos preguntamos por que necesitamos un adaptador de enchufes cando viaxamos a outros países? Por que nestes casos non ocorre o mesmo que acontece coas tarxetas de crédito ou cos folios, para os que dispoñemos de formatos estandarizados? Algún de nós é quen de imaxinarse que as tarxetas de crédito tivesen distintos tamaños dependendo da entidade emisora ou que os tipos de folios non fosen os mesmos aquí ca en Finlandia

ou en Paraguai? Afortunadamente, hoxe en día, unha boa parte dos artigos que usamos son resultado dun proceso de estandarización, baseado nunha linguaxe común, que facilita o entendemento e o diálogo entre os diferentes operadores comerciais, é dicir, un proceso de harmonización cuxo principal obxectivo é acadar o maior grao de operatividade dos produtos. En poucas verbas, foron fabricados de acordo con normas técnicas.

O dicionario da RAG define normalizar como “facer normal, regularizar”. A normalización consistirá pois en desenvolver normas para regular e ordenar situacións que se repiten na realidade. Pero, que é realmente unha norma técnica?. É un documento de observancia non obrigatoria no que se recollen as características técnicas dun determinado produto ou servizo que garantirán que cumpre coa súa función e é compatible e comparable con outros semellantes. Ademais de regras ou características para actividades repetitivas, as normas técnicas con frecuencia inclúen tamén aspectos relativos á terminoloxía, á etiquetaxe o marcado e o envasado ou a embalaxe dos produtos, así como aos procesos de produción.

Cada país participa na elaboración das normas técnicas por medio dos organismos nacionais de normalización, AENOR no caso español, AFNOR no de Francia, DIN en Alemaña, etc. Estas entidades forman parte do Comité Europeo de Normalización (CEN) que se encarga da confección destes textos a nivel europeo, xunto co CENELEC (especializado no eido electrotécnico) e a ETSI, responsable no campo das telecomunicacións. Unha boa parte das normas recoñecidas por estes organismos recollen o que á súa vez estableceu a nivel mundial a Organización Internacional de Normalización (ISO) ou a Comisión Electrotécnica Internacional, a IEC.

Deste xeito, atoparémonos con normas internacionais (ISO), europeas (EN) ou nacionais (no caso de España, normas UNE, siglas de “unha norma española”).

Grosso modo, os aspectos que recollen as normas técnicas atinxen xa a cuestións de seguridade, xa a particularidades relacionadas coa calidade. A lexislación europea establece unha diferenza fundamental entre ambas, xa que mentres estas últimas teñen carácter voluntario, os requisitos de seguridade son de obrigado cumprimento e normalmente ímolos atopar recollidos nos regulamentos, nas homologacións ou nas directivas comunitarias. No outro grupo inclúense todas aquelas ferramentas que as empresas poden empregar de forma voluntaria para dotaren aos seus produtos dun maior valor engadido, entre as cales se atopan as normas técnicas, pero tamén os diferentes distintivos de calidade empresarial ou ambiental dos que na actualidade dispoñen as empresas. As relacións entre os dous grupos son estreitas, ata o punto de que desde o momento no que unha das especificacións recollidas nunha norma técnica apareza incluída nun regulamento técnico ou nunha directiva, abandonará o carácter voluntario que tiña para adquirir unha tinteira de absoluta obrigatoriedade, xa que existe unha norma legal que así o dispón.

En calquera caso, unha vez que o produtor se preocupou de cumprir cuns requisitos, estará lóxicamente interesado en demostralo, e para isto terá que recorrer á certificación do produto, garantía da súa conformidade cunha determinada norma. Na certificación, un organismo acreditado para estas funcións dá fe de que un produto se axusta a determinadas normas técnicas, conferíndolle deste modo un valor engadido con respecto a outros cos que compite no mercado, e isto converteuna nunha das vías máis utilizadas

polas empresas para ofrecerem artigos nos que o consumidor depositará a súa confianza con maior probabilidade xa que presumirá que cumpre uns requisitos que outros da competencia non ofrecerán. Ademais, da mesma forma que se certifica un produto, tamén se xeneralizou a certificación de empresas, na que se asegura que estas se axustan a determinadas normas técnicas que avalían o seu sistema de xestión respecto da calidade e/ou o medio, das cales as máis representativas son as das series ISO 9000 e ISO 14000.

Pero, cales son as vantaxes de todo este sistema? Se ben as primeiras beneficiadas son as propias empresas, grazas á normalización e á certificación o consumidor dispón de novos elementos de comparación e probablemente necesitará menos tempo para buscar o produto que necesita. Ademais, os requisitos de seguridade recollidos nas normas fan que os produtos sexan máis fiables e non presenten riscos, aspecto este que tamén beneficia indubidablemente os gobernos, xa que deste xeito se reduce considerablemente a necesidade de legislar e a intervención dos poderes públicos.

Os beneficios da normalización son moitos e importantes, a dicir da maioría dos expertos, pero para nós resulta crucial a súa incidencia no aumento das garantías de seguridade nos produtos. Todo isto, unido á maior demanda de produtos seguros e de alta calidade que deriva da elevación dos niveis de vida en todo o mundo, provocou un aumento continuado no número de normas e regulamentos técnicos publicados e adoptados polos diferentes países.

Porén, tal e como poderíamos imaxinar, non todos os factores que concorren

neste sistema de normalización e certificación son positivos. Con frecuencia as normas técnicas son utilizadas polos diferentes países como impedimentos á entrada de produtos fabricados fóra do seu territorio, é dicir, usados como ferramenta proteccionista. Cando as esixencias de índole técnica varían dun país a outro o seu efecto pode traducirse na imposición de atrancos para os produtores e os exportadores, concedéndolles vantaxe aos bens de produción nacional, e é esta a razón pola que poden comportarse como obstáculos técnicos para o comercio.

Non é esta unha cuestión fútil. É curioso observar como nas negociacións para o establecemento das regras que dirixen o comercio global no seo da Organización Mundial do Comercio, os países máis poderosos amparáronse nun pretendido beneficio común para acordar unha paulatina redución dos aranceis, o que supuxo a perda da principal ferramenta proteccionista da que dispoñían os países pobres. Pola contra, para aqueles que dispoñen de maiores recursos é posible recorrer ás axudas directas aos produtores, ás subvencións ás exportacións ou a outros instrumentos que igualmente desequilibran as pretendidas condicións de equidade que deberían rexer o comercio internacional. Como consecuencia disto, as diferenzas entre o primeiro mundo e o resto, lonxe de diminuír, non fan máis que aumentar. E a actual crise económica non vai favorecer os avances neste sentido, pois resulta evidente que se aos gobernantes lles resulta difícil renunciar a políticas proteccionistas en situacións de progreso, facelo nun momento de recesión semella practicamente imposible. Por este motivo, resulta agora máis probable que razóns de saúde e de seguridade das persoas enmascaren restricións á entrada de produtos foráneos, con todo o que isto implica en canto aos seus efectos perniciosos sobre o comercio global e as economías máis desfavorecidas.

ESTRATEGIAS DE NOVO ENFOQUE E DO ENFOQUE GLOBAL NA UNIÓN EUROPEA

Unha situación semellante producíase nas primeiras décadas da CEE dando orixe a non poucos problemas nos intercambios comerciais entre os Estados que a constituían, ata que foron conscientes da necesidade de lograr un consenso que co tempo se ía converter na base do que hoxe é unha das pedras angulares do Mercado Único Europeo, a libre circulación de mercadorías e servizos.

Vexamos brevemente de que xeito se sucederon os feitos no tempo. Ata finais dos anos 70, os intercambios comerciais entre Estados membros estaban severamente marcados pola existencia de diversas medidas proteccionistas. En moitos casos os produtos necesitaban dunha autorización administrativa antes da súa comercialización mentres que noutros seguían existindo aranceis aduaneiros ou mecanismos de homologación. Ademais, os diferentes gobernos amparábanse no feito de que lle podían esixir a calquera artigo que pretendese introducirse no seu mercado o cumprimento, como mínimo, das obrigas impostas aos fabricados no seu territorio. Por se todo isto fose pouco, cada estado dispoñía de normas técnicas propias e iso dificultaba en gran medida o labor dos produtores xa que, aínda que fabricasen un artigo de acordo con todas as normas existentes no seu país, cando intentaban exportalo atopábanse con que no destino pretendido se esixía o cumprimento da norma alí vixente, na que figuraban requisitos distintos, invalidando así o seu produto para a venda. Nesta situación, os responsables da Unión víronse obrigados a idear solucións coas que impedir a distorsión das condicións do mercado, ferramentas que se englobaron no que se coñece como políticas do novo enfoque e do enfoque global.

Un capítulo de indubidable importancia en todo este proceso represéntao a emisión en 1979 da famosa sentenza “Cassis de Dijon” que, ditada polo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, estableceu as bases para a libre circulación de mercadorías e o sistema de recoñecemento mutuo entre os Estados membros. En esencia, a sentenza dispón que un produto que fose legalmente fabricado ou comercializado nun Estado da Unión, poderá ser igualmente introducido e comercializado en calquera outro Estado da Comunidade, é dicir, inauguraba unha nova época marcada pola eliminación dos instrumentos proteccionistas no territorio comunitario, no que unicamente se aceptan obstáculos se as medidas nacionais se fundamentan en criterios de nivel sanitario, de seguridade, ou ben de protección dos consumidores ou ambiental.

Tanto o novo enfoque coma o enfoque global baséanse nun sistema no que a harmonización se limita aos chamados requisitos esenciais de seguridade para os usuarios, que necesariamente terán que cumprir os produtos para poder ser vendidos na UE. Estes requisitos plásmanse nas coñecidas como “directivas do novo enfoque”, nas que se recollen as condicións de saúde e de seguridade que unha gama de produtos ten que reunir para poder comercializarse, esixencias que a partir deste momento adquiren un carácter obrigatorio.

Ao abeiro de cada unha destas directivas redactaranse normas técnicas especiais, coñecidas como “normas harmonizadas”, nas que se recollerán as solucións técnicas consideradas como ideais para dar cumprimento aos requisitos. As normas harmonizadas gozarán de “presunción de conformidade” coa directiva para a que se teña dictado e isto significa que os produtos que cumpran unha norma técnica harmonizada se considerarán como seguros para os usuarios nos aspectos que cubra a

directiva de aplicación, convenientes para o seu propósito e serán, xa que logo, comparables e compatibles; ademais dispoñerán dun aval para a súa comercialización en calquera outro punto da UE.

Pensemos, por exemplo, nun aspecto que con frecuencia é fonte de riscos, como o acceso ás partes activas nun pequeno electrodoméstico. Neste caso, o requisito esencial será ofrecer un nivel de seguridade dabondo para previr o contacto do usuario cos elementos activos do aparato. O progreso técnico ofrece unha gran variedade de formas de cumprilo e un fabricante pode optar libremente por calquera delas á hora de deseñar o seu produto. O que o novo enfoque fixo foi recoller a solución técnica considerada como máis axeitada para protexer os usuarios do acceso ás partes activas e para os demais requisitos de seguridade, establecendo deste xeito un marco harmonizado que a partir dese momento serviría de referencia única para calquera produtor.

Desta forma, unha boa parte da responsabilidade derivase cara ao responsable do produto, ao mesmo tempo que se lle ofrece á industria unha vía fácil e segura para cumprir as obrigas legais á hora de producir e comercializar os seus produtos. Desde que en 1985 se publicara a resolución coa que se puxo a primeira pedra deste sistema promulgáronse máis de 20 directivas elaboradas sobre a filosofía do novo enfoque, que a día de hoxe cobren un volume comercial que só na Unión Europea supera os dous billóns de euros. Cada unha destas directivas aplícase a unha determinada gama de produtos ou a un risco concreto e así teremos unha que regula os equipos de baixa tensión, outra os xoguetes, outra as máquinas, etc.

Debemos sinalar que, se ben a publicación dunha directiva de novo enfoque transforma os requisitos esenciais en obrigatorios, as normas harmonizadas manteñen o seu carácter voluntario, toda vez que nelas se recolle só unha das solucións posibles para esas esixencias. Un fabricante poderá optar por procedementos alternativos pero, en calquera caso, deberá poder demostrar de forma documentada que o seu artigo cumpre os mínimos esixidos e para iso haberá que recorrer aos procedementos que se engloban no que coñecemos como “avaliación da conformidade”. Trátase dun proceso complexo, no que non imos afondar agora, pero do que nos interesa destacar que o seu resultado se vai plasmar no expediente técnico de construción e na declaración de conformidade.

O expediente técnico de construción é o dossier que o fabricante elabora antes de comercializar o artigo no que figura toda a información que demostra que o produto cumpre os requisitos esenciais, información que de forma resumida figura tamén na declaración de conformidade, un documento ideado para ir canda o produto e que poderíamos considerar como unha especie de certificado co que se acredita en primeira instancia que o artigo ao que ampara cumpre os requisitos esenciais e que, polo tanto, se pode considerar seguro.

MARCADO CE

Malia isto, só algunhas das directivas de novo enfoque obrigan a que a declaración de conformidade vaia canda o produto. Facíase entón necesario algún signo co que se puidesen identificar de forma áxil e sinxela aqueles produtos que cumpren todas as disposicións comunitarias de harmonización

técnica que lles son de aplicación e foron sometidos aos procedementos de avaliación da conformidade. Así xurdiu o mercado CE, obrigatorio para os produtos aos que se aplican a maior parte das directivas de novo enfoque, de tal xeito que non poderán comercializarse en tanto non o presenten e, pola contra, ningún outro produto poderá levar o mercado CE se non está amparado por unha directiva que obrigue á súa colocación. Unicamente poderá estampar o mercado CE o fabricante do produto ou o seu representante autorizado na Comunidade, e no momento no que fan, están a asumir toda a responsabilidade sobre el.

Como vemos, non se trata dun distintivo de orixe (non significa “fabricado na CE” nin “China Export” nin “Calidade Europea” nin outras que puidésemos imaxinar) nin ten fins comerciais, senón que é un indicador destinado, en principio, ás autoridades de inspección dos Estados membros e, por extensión, aos usuarios, co que o responsable do produto declara que este é conforme con cada un dos requisitos esenciais de todas as directivas que lle son de aplicación.

Os Estados membros non poden limitar a comercialización dun produto que leve mercado CE, a menos que se demostrase a súa non conformidade. Neste caso, está previsto un sistema, o da cláusula de salvagarda, no que un país que comprobase que un artigo con mercado CE representa un risco, deberá prohibir a súa comercialización e notificarlle á Comisión tanto as probas nas que se fundamente a súa decisión coma as medidas de restrición emprendidas.

O mercado CE debe aparecer de forma visible, lexible e indeleble

directamente sobre o produto ou na súa placa de características, aínda que cando isto non fose posible permítese que figure na embalaxe ou nos documentos de acompañamento do produto.

O marcado CE convértese así nun instrumento de primeira magnitude na comprobación dos criterios de seguridade dos produtos industriais unha vez que fosen comercializados, pero nin moito menos o único. Aínda que, como xa vimos, as directivas de novo enfoque representan a principal ferramenta na avaliación da seguridade nun importante número de produtos industriais, moitos dos cales son considerados como produtos de consumo, como é o caso dos xoguetes, o material eléctrico, as máquinas, os equipos de protección individual, etc., tamén no seu momento avanzamos que non cobren a totalidade dos produtos e, por outra parte, non sempre está nelas recollida a totalidade dos riscos que o uso dun produto poida supoñer.

Que acontece entón co resto de artigos para os que non se dispoña de directivas harmonizadas ou con aqueles riscos que non aparezan contemplados nelas? Nestes casos, para avaliar a súa seguridade teremos que recorrer ás directrices que emanan do Regulamento sobre seguridade xeral dos produtos e, xa que logo, basearémonos tanto no que dispoñan outras normas técnicas non harmonizadas coma as recomendacións da comisión ou os códigos de boas prácticas e, en xeral en todo o que o estado actual da técnica poida ofrecer.

CONTROL DO MERCADO

Vimos que cada produtor é responsable de que os artigos que comercializa son seguros. Malia isto, cómpre comprobar que estas condicións se repiten en todos os casos e é neste momento no que aparecen en escena os responsables da vixilancia do mercado. O control de mercado convértese así, no marco da Unión Europea, na ferramenta da que dispoñen os Estados membros para verificaren e garantiren que os produtos comercializados cumpren as disposicións que lle son aplicables no momento da súa comercialización. E este será, precisamente un dos principais cometidos da inspección de consumo no campo dos produtos industriais, xa adoptando unha estratexia reactiva (como é o caso das actuacións derivadas de reclamacións, accidentes, etc.), xa cunha perspectiva preventiva e de investigación, mediante comprobacións documentais e ensaios de laboratorio. Polo visto ata agora, cabe entón a posibilidade de que cheguen a comercializarse produtos perigosos para o consumidor, o que significa que nalgunha das fases da cadea de produción se conculcou o deber xeral de seguridade, algo que merecerá a oportuna investigación para comprobar se se produciu unha infracción da legalidade.

No entanto, nunha situación na que se constate a existencia dun risco, o prioritario será a posta en marcha das medidas precisas para evitar no posible a exposición dos consumidores. A lexislación resérvalles un papel protagonista nestas medidas aos produtores, xa que os obriga, no caso de que teñan coñecemento de que subministraron un produto perigoso, a comunicarlles aos órganos administrativos competentes a información relativa ao produto afectado, ao risco que presenta e ás medidas que de

forma voluntaria emprendera o propio responsable que, entre outras, deberán incluír a publicidade e a información sobre o produto perigoso, a súa retirada ou a súa rectificación e mesmo a súa recuperación.

A maior conciencia de responsabilidade e o efecto disuasorio das sancións e, por que non admitilo, razóns puramente comerciais e de imaxe de empresa, contribuíron a un aumento paulatino do número de notificacións realizadas polos produtores. Malia isto, a maior proporción de artigos inseguros hanse detectar grazas ao labor de investigación dos responsables do control de mercado, no que non podemos esquecer a fundamental importancia que ten a información que obtemos a través das denuncias e das reclamacións presentadas polos consumidores.

O caso é que desde o momento no que se comproba que existe un risco, terá que poñerse en marcha a actividade de limitación da Administración, que poderá plasmarse tanto en medidas de reacción, coas que se pretende restablecer as condicións de seguridade, coma en medidas de sanción. Fagamos un breve inciso para indicar que, se ben a urxencia obriga a antepoñer nos primeiros momentos estas medidas administrativas que non teñen carácter punitivo, non impide en absoluto a aplicación do dereito administrativo de carácter sancionador, e todo isto sen prexuízo das responsabilidades civís ou penais que poidan concorrer, en cuxo caso haberán de ser os Tribunais de Xustiza os que se ocupen da instrución das causas.

En calquera caso, as medidas de reacción terán que ser congruentes cos motivos que as orixinan, proporcionadas cos riscos que afronten e, se ben

a norma indica que deberán elixirse as menos restritivas de dereitos como a libre circulación de mercadorías ou a liberdade de empresa, igualmente impulsa e apoia a actuación en situacións de incerteza científica, nas que sexa preciso recorrer ao principio de cautela.

Aínda que dispoñemos de instrumentos como a simple advertencia ou mesmo o requirimento aos produtores e distribuidores, a existencia dun risco grave moitas veces esixirá actuacións que ofrezan resultados inmediatos. Poderase optar por unha prohibición temporal da subministración do produto durante o período necesario para realizar as verificacións ou avaliacións de seguridade ou pola prohibición da súa posta no mercado, sen menoscabo de que nos casos nos que o risco se poida evitar, ben mediante advertencias aos usuarios ou ben realizando algunha modificación no deseño do produto poderá permitirse a súa comercialización sempre e cando antes de que saia novamente ao mercado se identifique con algún elemento externo que lles permita á inspección e aos consumidores diferencialo do perigoso.

Porén, se o produto xa fose comercializado será necesario recorrer a accións máis drásticas, como a súa retirada do mercado, seguida da devolución ao provedor ou a súa destrución e, de ser o caso, a súa recuperación dos consumidores. A execución destas medidas é responsabilidade das administracións e en Galicia, sen prexuízo das atribucións que a Lei xeral de sanidade e a de Bases do réxime local lles conceden aos concellos, enmárcanse dentro das funcións encomendadas ao Instituto Galego de Consumo.

Como en calquera outro sistema baseado na análise do risco, xunto coas etapas de determinación e de xestión, contéplase neste que estamos

debullando a súa comunicación aos consumidores, como un elemento fundamental na recuperación da confianza do público.

Aínda que nesta transmisión da información está prevista a preservación de toda a que estea protexida polos segredos industrial ou comercial, os cidadáns terán acceso, como mínimo, á identificación do produto, a natureza do risco e ás medidas que se emprendesen para prevelo. Desta forma, nas páxinas web da DG SANCO e do INC, as dúas de acceso público, poden consultarse os produtos inseguros incluídos nas súas respectivas redes de alerta, ás que pode acceder igualmente a través do portal do IGC.

http://ec.europa.eu/consumers/dyna/rapex/rapex_archives_en.cfm

<http://www.consumo-inc.es/Seguridad>

<http://www.igc.xunta.es>

REDES DE INTERCAMBIO RÁPIDO DE INFORMACIÓN

Todas estas actuacións de reacción poden ter consecuencias directas en ámbitos que superan o autonómico e mesmo o estatal, e se o que se pretende é que as autoridades responsables actúen con celeridade e se evite a utilización de produtos potencialmente perigosos por parte dos usuarios, faise necesario o establecemento de redes de intercambio rápido da información. Así xurdiu o dobre sistema actual, no que coexiste unha rede de alerta europea de produtos de consumo non alimenticios, coñecida polas súas siglas RAPEX coa súa homóloga a nivel estatal, o SIRI. Ambas comparten como principal finalidade facilitar e intercambiar a información sobre as actuacións realizadas e as medidas adoptadas polas diferentes administracións en casos de riscos graves.

A inclusión dun produto na rede RAPEX dependerá de que exista ou non a posibilidade de que o artigo puidera ser comercializado noutros Estados membros. Por medio da rede estatal transmitínselles aos puntos de contacto autonómicos tanto as notificacións da rede europea coma as orixinadas en calquera parte do Estado, ben sexa nunha comunidade autónoma ou ben no propio INC, que é o destinatario en primeiro termo das notificacións realizadas polos responsables das inspeccións nas alfándegas cando nos seus controis previos ao despacho aduaneiro detectasen algún incumprimento de seguridade. Na rede de alerta terán cabida tanto as actuacións das Administracións Públicas coma as medidas voluntarias emprendidas polos produtores.

Como xa sinalamos, non se van empregar estas redes de alerta para produtos que dispoñan de mecanismos similares de notificación. Este é o caso dos alimentos e os pensos, para os que existe un sistema de alerta rápida específico, a RASFF. Non obstante, a magnitude do concepto de produto de consumo conduce á inclusión nas nosas redes de alerta da práctica totalidade de artigos restantes e así atoparemos electrodomésticos, vehículos, artigos de puericultura, de lecer e deporte, decorativos, mobiliario, artigos de menaxe e fogar, xoguetes, produtos químicos, etc., dos que fomos amosando diferentes exemplos na presentación.

O proceso de introdución dun produto na rede de alerta comeza cando das investigacións realizadas se desprenda a existencia dun risco grave, momento no que o órgano administrativo que del teña coñecemento ten a obriga de transmitir a información relativa ao produto, ao risco que presenta e ás medidas de reacción que adoptara, xunto cos datos que posúa verbo das cadeas de comercialización e distribución do artigo.

Pola súa relevancia centrámonos nas referencias a situacións nas que existe un risco grave, pero tamén está prevista a notificación daquelas medidas que deriven de riscos considerados como non graves. Será tamén o responsable que detectara a existencia do risco quen deberá catalogalo como grave ou como non grave.

E, como cabería esperar, non é esta unha cuestión que en todas as ocasións resulte sinxela. Un produto de consumo pode presentar un ou varios perigos intrínsecos, mesmo de distintos tipos: eléctrico, térmico, químico, mecánico, etc. Cada tipo de perigo clasificarase en función de criterios cualitativos e cuantitativos. En concreto, dependerá en primeiro lugar de se todas as unidades comercializadas presentan o risco, pero tamén do grao de exposición do consumidor cando utiliza o produto. Debe terse en conta así mesmo que en certos casos, como ocorre co lume ou nunha intoxicación por un aparato de gas, a exposición a algúns perigos pode afectarlle a máis dunha persoa simultaneamente.

Por último, ao determinar o nivel de risco que presenta un produto combinando a gravidade do perigo coa exposición, debe valorarse igualmente a capacidade do usuario exposto para prever a situación perigosa ou reaccionar diante dela, cuestión que dependerá da evidencia do perigo, das advertencias e sistemas de protección que presente o produto, así como da vulnerabilidade do consumidor exposto, xa que os efectos non serán os mesmos se o produto vai dirixido ao seu uso por adultos normais ca no caso de que os consumidores diana sexan invidentes, anciáns ou menores.

Galicia é nos últimos anos unha das rexións máis activas na investigación da seguridade dos produtos. Malia que tanto o censo de poboación coma de establecementos comerciais e de fabricantes e importadores é moito menor

ca noutras comunidades autónomas, nos últimos anos sitúase entre as que maior número de produtos perigosos detectou, un total de 80 durante o ano 2008.

É tamén aquí onde se realizou un maior número de actuacións derivadas da introdución de novos produtos na rede de alerta. Boa parte delas son visitas aos establecementos que con maior probabilidade puidesen comercializar estes artigos. No caso de localizarse algún dos alertados, retírase o máis axiña posible da venda e o retalista deberá acreditar ben a súa destrución, ben a súa devolución ao provedor. A documentación que se lles require aos comercios que vendían o produto proporcionará información sobre o distribuidor, de quen á súa vez deberá obterse outra acerca doutros establecementos destinatarios do artigo.

Malia que polo comentado ata aquí puidese parecer que nos atopamos diante dun sistema ideal, sen fisuras, na realidade adoce de importantes carencias nalgúns aspectos, mentres que noutros pode chegar a pecar dun excesivo garantismo. Cómpre avanzar na definición e na concreción do risco e nas directrices para a súa avaliación. Falta moito camiño por percorrer no vieiro da redución da permeabilidade do sistema fronteirizo europeo, única barreira con posibilidade de eficiencia real na limitación da entrada de produtos sen garantías.

Doutra banda, o feito de que practicamente o 60% dos produtos alertados procedan ano tras ano dunha mesma orixe, China, parece demostrar que os avances na colaboración da UE con este país non son suficientes e faise necesario un endurecemento das consecuencias da importación de produtos que non acrediten a súa seguridade. Faise imprescindible, en fin, deseñar

de novo un sistema no que todos os integrantes das cadeas de produción e distribución deben asumir en maior medida as súas responsabilidades, asegurando que os produtos que subministran están exentos de riscos e, no caso de que algún os presente, terán que emprender as axeitadas medidas correctoras de forma voluntaria.

E, xa para rematar, quixera chamar a atención sobre a relevancia da nosa propia responsabilidade, tanto como usuarios como no momento de facermos as nosas compras. Se da importancia do primeiro nos dá idea por exemplo a necesidade da supervisión do xogos dos nenos, en previsión de que poidan acceder a artigos que non están destinados a eles, de non menor interese é o noso comportamento á hora de adquirir calquera artigo. Como xa se comentou, non cabe derivar ao consumidor a tarefa de comprobar *in situ* as condicións de seguridade dun produto, xa que de garantilas deberán encargarse, como vimos, tanto os produtores coma as administracións.

Non obstante, non estaría de máis afacérmonos a comprobar polo menos que na etiquetaxe figura perfectamente identificado o responsable do artigo e o seu enderezo completo na UE, así como que tanto as instrucións de uso como as advertencias están redactadas nunha das linguas oficiais en Galicia. Da mesma forma, teño que lembrar a importancia de conservar as facturas ou tickets de compra, cruciais para exercer calquera queixa ou reclamación. Se pese a todo, chegamos a sufrir algún incidente, non debemos dudar en comunicarllo o máis axiña posible ao servizo de consumo máis próximo.

Á hora de elixir o establecemento, sempre nos ofrecerá unha maior garantía un que estea adherido ao sistema de arbitraje, que representa, xunto coa mediación, unha das vías voluntarias de resolución de conflitos en materia

David como director del Laboratorio de Sanidad y PA de Lugo, ha facilitado durante estos últimos años la colaboración de forma oficial con la Universidad de Santiago de Compostela: especialmente a través de la Tutoría profesional de la materia troncal “Estancias” de la Licenciatura de Veterinaria, desde el curso 2005-2006, hasta el 2008-2009, mediante la cual los alumnos de esta licenciatura realizan periodos de practicas en los servicios del Laboratorio.

Mención muy especial merece la aspiración al título de doctor por la USC, que como se sabe es el máximo nivel en el expediente académico de un universitario. El nuevo académico tenía claro que debía poner su empeño en lograr este título.

Para ello ya realizó los cursos de doctorado y logró la suficiencia investigadora, Certificado – Diploma de Estudios Avanzados (DEA) por la Universidad de Santiago de Compostela. Facultad de Veterinaria. Lugo, y actualmente está en la fase de redacción de su trabajo de tesis doctoral, que presentará con el tema precisamente de validación de técnicas Elisa aplicables a la brucelosis, que deseamos pronto finalice y presente para alcanzar el grado de doctor por la U.S.C.

Pertenece a diferentes sociedades científicas como socio de número. Por ejemplo, a la Asociación de Epidemiología y Medicina Preventiva Veterinaria.

Acabamos de escuchar un discurso muy bien documentado, ameno e interesante, que además tiene la característica de tratarse de un tema completamente actual, por todas las implicaciones que tiene. Efectivamente, del contenido del discurso se desprende una preocupación por un tema, como es el de la validación de técnicas y protocolos ampliamente utilizadas en los laboratorios de sanidad animal, que lógicamente precisa

de la implantación de medidas de validación para tener la seguridad de que se emplean de forma adecuada y disponer de resultados suficientemente contrastados.

Las explicaciones que nos ha aportado David, apoyadas en el abundante material e información de que dispone, y acompañadas de imágenes y un video muy demostrativo, además de gráficos comparativos, nos muestran con nitidez la orientación que le quiere dar a las pruebas del diagnóstico de laboratorio ELISA, que son aplicables a muchos problemas patológicos.

Pero es que además, representan una demostración del importante papel que compete desempeñar a los servicios veterinarios y de sanidad animal y de salud pública, a través de su actividad en los laboratorios de diagnóstico.

El tema expuesto hoy sobre el uso y la validación de las pruebas test de tipo ELISA (los ensayos inmunoenzimáticos), hace unos años que es algo básico en el trabajo de un laboratorio no solo de sanidad animal, sino también de otros ámbitos, y la razón fundamental es que, a través de estos métodos, se logran obtener resultados rápidos, fiables, y lo que es más importante que sean específicos.

Todo ello naturalmente exige el respeto de normas básicas sobre su valor real y las validaciones de los ensayos. Como se sabe, son varias las posibles modalidades de los test elisa: directo, indirecto, etc., que se han venido adaptando en los últimos 15-20 años desde que empezaron a usarse de rutina.

Entre los **problemas** que plantea su realización como método de diagnóstico habitual, están entre otros, la necesidad de disponer de un laboratorio equipado, con experiencia y entrenamiento del personal técnico, la disponibilidad de reactivos en las condiciones adecuadas y, además se requiere solucionar, de la forma más sencilla posible, las cuestiones que surgen sobre la interpretación correcta de los resultados obtenidos.

También conlleva una serie de **ventajas** su empleo, como son la rapidez de realización, el número elevado de muestras séricas que pueden probarse a la vez, poder disponer del material ya estandarizado, realizar finalmente la lectura de manera objetiva, pro ejemplo, mediante lectores estándar, que previamente estén calibrados y configurados, etc.

Pero yo en este punto, añadiría algo importante, ya subrayado por David en su intervención, como es **la posibilidad de comparación** de resultados entre diferentes laboratorios y por tanto la validación final de los resultados obtenidos en distintos lugares, como si se estuvieran realizando en el mismo sitio y por las mismas personas.

Claro que a los efectos comparativos, es condición indispensable que cumplan unas normas de estandarización y de validación previamente fijadas. Como bien indicó David, en toda prueba de diagnóstico de laboratorio en sanidad animal es importante disponer de **procedimientos referenciados**, para lo cual es necesario disponer de sueros de control positivo y negativos, y por supuesto, todo ello ha de ir acompañado de un laboratorio de ensayo dotado de medios y con la suficiente preparación técnica.

Esos métodos de referencia no están suficientemente validados hasta que se conozcan los valores de rendimiento básicos, es decir los niveles predictivos, la sensibilidad y especificidad diagnóstica, y la sensibilidad y especificidad analítica.

El cálculo correcto de estos parámetros en los laboratorios de diagnóstico de rutina, se hace mediante sueros procedentes de animales de referencia, que suelen ser estándares internacionales ya reconocidos y aceptados.

En todo caso, estos mismos laboratorios son los encargados de garantizar el buen resultado de los test de ensayo, para lo que a su vez se mantiene con la implantación de sistemas de la calidad, que son básicamente la norma

UNE-EN ISO/IEC 17025: 2005, que regulan los “**Requisitos generales para la competencia de los laboratorios de ensayo y calibración**”.

Por supuesto, estos métodos de referencia aportan un margen de confianza alto, a la hora de que los animales clasificados como negativos verdaderamente lo sean, independientemente del lugar en que se hagan los ensayos, Y por eso justamente los resultados suelen ser aceptados, al menos por todos los países de la OIE.

Así pues, está claro que la calidad se basa en técnicas y métodos perfectamente validados y que estén determinados por normas como las indicadas por David.

También se puede afirmar que la validación nos va a permitir confiar en que un método resulte adecuado para el objetivo de realizar un diagnóstico de la situación de una infección, etc, en un grupo de animales, y todo ello con un riesgo mínimo de error.

En esta misma línea, hay que decir que la validación de un ensayo nos debe garantizar resultados coherentes y sobre todo repetitivos, y desde luego, debe contribuir a poder reconocer animales positivos ó negativos, por ejemplo, en el caso de sospecha de infecciones, bien sea por detectar determinados niveles de respuesta anticuerpo o de antígeno, etc.

Basándose sobre todo en indicaciones emanadas de la OIE, el nuevo académico nos ha expuesto diferentes conceptos que no siempre son fáciles de entender, si bien es evidente que son de aplicación necesaria a la hora de validar los métodos de diagnóstico.

Nos ha hablado por ejemplo del límite de detección, la selectividad, la especificidad, los falsos positivos y los falsos negativos y en pruebas de tipo cuantitativo, y también como se deben valorar otros parámetros tales como: la veracidad, la precisión, el rango, la linealidad y la especificidad/selectividad del método. David nos explica también como La validación de

un método de ensayo viene condicionada por varios apartados como son: el objetivo del método a validar, que finalidad de uso tendrá y asimismo por todo lo que influya sobre la realización correcta de la propia técnica en sí. Así por ejemplo, antes de validar, deberá decidirse para que se usará: lo cual podrá variar desde querer demostrar que una población dada está libre de infección, por ejemplo, después del uso de vacunas o después aplicaciones de otras medidas de control del brote de esa enfermedad. Puede buscarse la garantía de que un animal esté libre de una determinada enfermedad con fines de comercio internacional o erradicación de una enfermedad en una población o simplemente estimar la prevalencia de una infección.

Como muy bien indica David la propia OIE, Oficina Internacional de Epizootias, establece 3 variables que pueden afectar a la realización y al resultado del ensayo: El tipo de muestras y su estado de conservación, así como el sistema de ensayo: (esto es, las condiciones de los ensayos, el estado de los equipos, la calidad de los reactivos, las condiciones ambientales y la formación de los técnicos, que deberán ajustarse a lo predeterminado).

El resultado de la prueba: la capacidad del resultado del ensayo para clasificar adecuadamente a los animales investigados depende de la sensibilidad diagnóstica, de la especificidad diagnóstica y de la prevalencia de la enfermedad en la población. La sensibilidad y la especificidad diagnóstica se calculan a partir de muestras de valor conocido, en la medida en que los animales seleccionados para la obtención de esas muestras sean representativos de la población objeto de estudio (edad, sexo, etc), mayor será la exactitud del ensayo.

El conocimiento de la prevalencia es esencial para la interpretación de un resultado positivo o negativo de una prueba diagnóstica, tal y como indican los valores predictivos de un test.

Hay que destacar la importancia de la aplicación de todos los índices de

referencia, y de sus bases estadísticas, todo lo cual nos viene a poner de relieve que lo que, en principio, semejaba una prueba simple y sencilla en su concepto, se convierte en algo que se va complicando en la práctica, hasta llegar a obtener el resultado final deseado.

Se entiende pues, que los datos expuestos respecto de la validación del método, sean siempre importantes en orden a la validez de los métodos Elisa empleados hoy en día.

Los primeros laboratorios a los que se les exigía el cumplimiento de estas normas, fueron los responsables de realización de ensayos sobre productos destinados a consumo humano, y luego se extendió a los de sanidad animal, etc.

Ahora bien, la validación de un test no finaliza ahí, pues es un proceso continuo de adaptación en base al desarrollo tecnológico, a la situación cambiante de las enfermedades, a la utilización de los test en situaciones y áreas muy diferentes.

En relación al desarrollo tecnológico, la incorporación de nuevos reactivos o el desarrollo de nuevos test de comparación implica, en muchas ocasiones, que sea necesario volver a realizar estudios de validación para comprobar el efecto de estas variables sobre el comportamiento del test inicialmente validado.

Como se indicaba en apartados anteriores, el comportamiento de los test está afectado por la prevalencia de la enfermedad en la población, y lo mismo puede ocurrir si se aplica sobre poblaciones especialmente afectadas por microorganismos responsables de **reacciones cruzadas**, que suele suceder ante organismos patógenos que comparten antígenos comunes. Esta situación sabemos que es muy frecuente en el mundo de la Parasitología. Así pues, por estas razones, la determinación de los parámetros de rendimiento de un test, incluidos naturalmente los Elisa,

deben ser reevaluados periódicamente, para que ante situaciones nuevas, tengan la garantía de estar bien validados.

Decía al comienzo de mi intervención que para elegir a un nuevo académico hay que tratar de encontrar las personas adecuadas, es decir a aquellos que reúnan una excelente trayectoria profesional-académica y personal, que les sitúe en las mejores condiciones para poder desempeñar las funciones académicas asignadas en cada caso. Apuntaba asimismo que la elección de un académico debe recaer en personas que sean capaces de hacer aportaciones con las que se ha de nutrir la vida científica y las otras actividades de la Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia.

David Fernández García, que posee méritos sobradamente reconocidos y que ha cumplido de forma satisfactoria pronunciando su discurso de ingreso, estamos convencidos que desempeñará cumplidamente las funciones y compromisos que adquiere como nuevo académico de esta Institución.

Así pues, quiero finalizar mi intervención, añadiendo que hoy es un día en el que la Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia debe felicitar al poder incorporar a *David Fernández García* como nuevo académico correspondiente.

Aprovecho la ocasión para, en nombre de todos los académicos, felicitarte y hacer extensiva la felicitación a tus familiares.

David, te damos la más cordial bienvenida como nuevo académico correspondiente, y naturalmente solo me resta desearte, en nombre de todos los compañeros, todo lo mejor en esta etapa, porque también será lo mejor para esta joven pero muy activa Institución Académica.

He dicho. Muchas gracias a todos ustedes por su asistencia y por su atención.

**DISCURSO DE CONTESTACIÓN DO
ILMO. SEÑOR DON MIGUEL FERNÁNDEZ
RODRÍGUEZ,**

**Académico de Número-Secretario Xeral
Academia Ciencias Veterinarias de Galicia**

**Intervención do Académico de Número, Dr. D.
Miguel Fernández Rodríguez no acto de Toma de
Posesión de D. Castor José Rivero Martínez como
Académico Correspondente**

Fontefiz-Coles (Ourense), 30 de abril de 2009

Ilustrísimos Académicos,
Ilustres Autoridades,
Ilustres colegas,
Señoras e señores:

Para seguir co protocolo de recepción dun novo membro, que establece a nosa corporación académica, corresponde a un académico numerario:

- facer a presentación do recipiendario,
- realizar a *laudatio* que glose o preceptivo discurso de ingreso e
- darlle a benvida cordial ó seo da institución académica.

Pois ben, agradezo profundamente a miña designación para recibir nesta solemne sesión ó académico entrante D. Castor José Rivero Martínez, por razóns académicas, profesionais e persoais, polos anos compartidos co recipiendario na andaina profesional na Consellería de Agricultura e no Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense. Con seguridade esta cercanía restarame obxectividade pero tratarei de conseguila na miña intervención, para responder á honra conferida pola Academia.

Nesta misión encomendada trataremos coa máxima brevidade os méritos dos que é acreedor o recipiendario, pola limitación do tempo establecido para esta solemne sesión e para non cansar ós presentes tralo magnífico discurso ó que lle levamos prestado a nosa máxima atención.

Cástor naceu no ano 1957 no lugar de Santomé, concello de Ramirás, pertencente a comarca da *Terra de Celanova*, desta fermosa provincia. Os estudos primarios realízaos na escola primaria local, pero acompañando a unha prima súa, mestra de profesión, percorre escolas de media provincia (como as de A Cela en Muiños, A Candosa no Irixe e Abeleda en Xunqueira de Ambía), polo que xa de pequeno poido coñecer “in situ” a abondosa biodiversidade da provincia, e entre ela as distintas razas de gando e as distintas tradicións e costumes locais.

Realiza os estudos de bacharelato e COU no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense e unha vez rematados decide comezar os estudos da licenciatura de Veterinaria, quizais porque é unha vocación normal en alguén que medrou rodeado de animais ou por proceder dunha familia con varias xeracións de ferradores ou quizais porque de pequeno oía falar con moita consideración do seu parente veterinario de Celanova, don Pepe Rivero, un

dos fundadores do actual Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense (xunto co insigne Javier Prado Rodríguez), aló polos comezos do século XX. Por certo, segundo os datos dispoñibles na actualidade o primeiro e máis antigo Colexio Oficial de Veterinarios de Galicia.

Comeza a carreira no ano 1975 na Facultade de Veterinaria de León, dependente daquelas da Universidade de Oviedo, superando o exame de grao de Licenciatura en xullo de 1980.

Despois do paréntese do servizo militar, comeza a súa actividade profesional en marzo de 1982 no seu benquerido concello de Ramirás, atendendo un circuíto de Inseminación Artificial Gandeira que lle fora adxudicado mediante a correspondente concesión administrativa.

No ano 1983 é nomeado Veterinario Titular interino do concello de Baltar (Ourense), pasando a ocupa-la mesma praza como funcionario de carreira no ano 1986 tras supera-las oposicións libres a veterinarios titulares. A súa actividade como Veterinario Titular remátaa no concello de Nogueira de Ramuín (Ourense), ó que chega en 1989.

En decembro de 1994, por mor da reestruturación dos servizos veterinarios, toma posesión como Veterinario Oficial do Centro de Conservación e Recuperación de razas autóctonas de Fontefiz. Cúmrese así un vello desexo, que viña agochándose nel, desde que en León, na Facultade de Veterinaria, oira o nome de *Centro de Selección de Ganado Bovino de Fuentefiz- Ourense*, que por certo, segundo me confesou foi a única vez que oíu a palabra Ourense en tódala carreira.

Desde entón, e salvo o cativo período no que desempeñou o cargo de Director Técnico-Sanitario de Industrias da Alimentación da Consellería de Sanidade, todo o seu labor se desenvolveu no Centro de Fontefiz, no que ostentou a dirección ó longo de seis anos, repartidos en dúas etapas.

Ten multitude de cursos recibidos, máis de cincuenta cursos de formación realizados en diversos temas relacionados coa profesión veterinaria, entre os que se poden destacar:

- Diplomado en Sanidade
- Especialista en Inseminación Artificial Gandeira
- Especialista en Selección e Mellora Gandeira

Compre salientar a súa contribución na docencia da formación profesional agraria, xa que leva sido Profesor durante cinco cursos na Escola de Capacitación Agraria da Deputación Provincial de Ourense. Fruto desta laboura, algúns dos seus antigos alumnos encamiñaron o seu futuro profesional á cría das razas autóctonas. Aquí neste centro temos algún exemplo.

Tamén atesoura numerosos cursos impartidos entre os que podemos destacar os organizados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Ten participado como poñente en congresos, simposios, xornadas, seminarios e mesas redondas sobre distintos temas relacionados coa gandería, en particular sobre as Razas Autóctonas en Perigo de Extinción.

As contribucións a diferentes foros científicos levan sido moi numerosas:

Teño contado no seu currículo, trita e oito comunicacións en

Congresos nacionais e internacionais sobre Recursos Xenéticos Animais.

Oito publicacións en revistas científicas sobre Recursos Xenéticos.

É co-autor de dous libros sobre Razas Autóctonas.

Ademáis ven desempeñando un importante papel na Sociedade Española para os Recursos Xenéticos Animais (máis coñecida como SERGA), que me honro en presidir, como:

Coordinador para Galicia.

Coordinador nacional para a especie bovina.

Por último, Castor Rivero é doctorando na Universidade de Santiago de Compostela e xa ten superado a avaliación que garante a suficiencia investigadora, polo que obtivo o certificado-diploma dos estudos avanzados (máis coñecido como DEA).

Este currículo reflicte e transmítenos a profunda formación académica e profesional do recipiendario.

No discurso que acabamos de escoitar sobre *Razas Autóctonas e Desenvolvemento Sostible*, pronunciado polo recipiendario, afóndase na importancia da gandería, e en particular das razas autóctonas, no ambiente a través da modelación dos agroecosistemas.

En efecto, a paisaxe agraria de Galicia que aínda pervive hoxe, na que o gando e o home son os verdadeiros protagonistas, començou a modelar dun xeito decidido entre os séculos V e VI, tal como acaban de demostrar

recentemente investigadores do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudos Galegos *Padre Sarmiento* do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), cos que compartimos sé no Hospital de San Roque, e que califican a esta paisaxe de verdadeiro tesouro, un patrimonio que habería que dar a coñecer e protexer, testemuña dunha historia que non podemos deixar que desapareza. Estamos a falar dunha paisaxe cultural que constitúe a esencia do ser e do estar de Galicia no mundo e un legado histórico.

Na exposición, explicáronsenos con todo luxo de detalles as interaccións entre a gandería e o ambiente e a súa evolución ó longo dos seculos, así como a súa relación coas etapas do desenvolvemento económico e social. En efecto, os seres humanos aproveitaron todo o territorio posible para satisfacer as súas necesidades alimenticias a través da escolma dos animais que mellor se adaptaban ás condicións particulares de cada caso. O resultado desta escolma e a súa evolución vinculada a un territorio constitúen os chamados recursos zoxenéticos, as razas autóctonas de gando.

A importancia destes recursos xenéticos animais ven de ser posta de manifesto unha vez máis, co descifrado do ADN do vacún, unha noticia científica de extraordinaria importancia, tal como recollen os dous traballos publicados a semana pasada na revista *Science*, nº 5926 do 24 de abril de 2009, polos que se dan a coñecer a secuenciación completa do xenoma do vacún, *Bos taurus taurus*, logo de seis anos de intensa actividade por parte dun consorcio internacional (Bovine HapMap Consortium) de máis de 300 científicos de 25 países, nos que hai tres grupos de España.

Trátase do primeiro xenoma dun animal doméstico de produción descifrado, e o segundo dun animal doméstico xa que o primeiro fora o

do can. Os estudos realizáronse sobre 497 animais de diferentes razas de 19 zonas xeográficas e identificáronse o contido de máis de 22.000 xenes dos que 14.345 son compartidos con outras sete especies de mamíferos incluído ó home.

Pois ben, unha das primeiras conclusións destes estudos foi que a evolución do vacún foi chamativamente diferente á dos seres humanos, xa que no gando bovino unha poboación primitiva ou ancestral moi grande sufriu un “pescozo de botella” xenético (*bottleneck*) relacionado coa domesticación (no Oriente Próximo fai 8.000-10.000 anos), coa escolma e coa formación das razas. De tódolos xeitos, os investigadores conclúen que as 897 razas mundiais de bovino que existen na actualidade aportan niveles de diversidade xenética alomenos tan grande como a que existe na especie humana. Isto vennos a demostrar unha vez máis o valor para o futuro da humanidade que ostentan os recursos zoonéticos.

Reconforta comprobar, por outra banda, que o rico e diverso catálogo galego de razas autóctonas de animais domésticos, que tan ben nos describiu o recipiendario, se atopa nunha situación que podemos calificar de tranquilizadora, xa que os programas iniciados en 1990 nas razas bovinas e continuados en anos posteriores nas outras especies levan dado os seus froitos. De todos os xeitos, conminamos desde este foro a seguir coas tarefas de conservación, utilización e promoción deste patrimonio xenético.

Así o establecen as últimas iniciativas a nivel mundial en pro das razas autóctonas de gando, como a *Conferencia Técnica Internacional sobre os Recursos Zoonéticos*, organizada pola Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), celebrada en Interlaken (Suíza)

entre os días 3 e 7 de setembro de 2007, na que tiveron a oportunidade de participar, na cal se aprobou o *Plan de acción mundial sobre os Recursos Zoogenéticos* por medio da *Declaración de Interlaken sobre os recursos zoogenéticos*, na que os gobernos, de 109 países, reafirmaron a súa responsabilidade común e individual respecto da xestión dos devanditos recursos. Na Declaración obsérvase a considerable perda de razas de gando que se está producindo e se exhorta a actuar con rapidez, mediante a posta en práctica do Plan de acción mundial, a fin de conservar as razas en perigo de extinción. Maníféstase que o mantemento da diversidade dos recursos zoogenéticos é esencial para que os agricultores, pastores e criadores de animais estean en condicións de facer fronte aos retos actuais e futuros da produción, e reconécese a enorme contribución que todos eles aportaron e seguen aportando á xestión dos recursos zoogenéticos. Ao aprobar a Declaración os gobernos comprometéronse a poñer en práctica o Plan de acción mundial, a facilitar o acceso aos recursos zootenéticos, e a velar pola distribución xusta e equitativa dos beneficios que se derivan do seu uso. Esperemos que todo isto supoña un avance definitivo na preservación e promoción destes recursos que constitúen as razas autóctonas de gando.

Resulta tamén esperanzador a nivel do Estado, a aprobación do *Programa Nacional de Conservación, mellora e fomento das razas gandeiras*, mediante o Real Decreto 2129/2008, de 26 de decembro (publicado no Boletín Oficial do Estado do 27 de xaneiro de 2009), que a Ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, a ourensana Elena Espinosa Mangana, presentará o vindeiro 7 de maio de 2009 en Madrid. Neste plan ordease sistemáticamente todas as cuestións relativas os recursos zootenéticos.

Quérome sumar ós agradecementos do recipiendario ás persoas que dun ou outro xeito levan contribuído á recuperación, á conservación e á promoción das razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción. En particular, e polo tempo adicado a esta tarefa, a D. Francisco Senén Álvarez Yebra, académico de honra desta Academia, que merece unha mención especial, xa que o seu traballo e a súa ilusión en favor das razas gandeiras galegas foron unha peza clave para a pervivencia de moitas delas.

Non quero estenderme máis, xa que hoxe o protagonista é o recipiendario Cástor Rivero.

Amigo Cástor, noraboa por este recoñecemento dos teus méritos que hoxe che facemos. Recibímoste cos brazos abertos.

Os nosos parabéns.

Señor Don Castor José Rivero Martínez, como Académico e Secretario Xeral desta Institución,

doulle a benvida,

co goce de todos os dereitos

e coa carga dos deberes aos que agora está comprometido;

non dubide que contará co noso apoio e agarimo para o seu alivio.

Queda dito.

Moitas gracias pola súa atención

Discurso del Dr. D. Andrés Hermida Trastoy, de recepción del académico correspondiente Dr. D. Samuel Jesús Juárez Casado

Excelentísimo Sr. Presidente da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia.

Ilustrísimos Sres. Académicos Numerarios.

Sra. Académica e Sres. Académicos Correspondentes, Sres. Académicos de Honra.

Señoras, señores, amigas e amigos.

A incorporación de novos membros nunha Academia é, sen dúbida algunha, o acto máis trascendente de todos os actos que conforman o cerimonia da mesma. Este acto supón que a institución medra, que se fortalece, e se enche de novos coñecementos de todos os ámbitos posibles.

A xunta directiva da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia decidiu que fose eu o encargado de presentar e contestar ao discurso de entrada de D. Samuel Juárez Casado. Vou, en todo caso, a tratar de facelo o máis breve posible logo desta interesante disertación.

Para min é unha grande honra, é unha grande responsabilidade e tamén entraña unha grande dificultade . Unha dificultade dobre porque en Samuel Juárez xúntanse dúas facetas, ou mellor dito tres facetas que, son as de

ex-xefe, durante unha temporada moi interesante na por aquel entonces Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura; a de amigo logo de traballar con él na Xunta de Galicia e dos seus periplos por Madrid e Washington; e agora pola súa condición de membro do actual goberno da Xunta.

Créanme que é unha boa complicación, pero agradable ao mesmo tempo.

Contestar este magnífico discurso de ingreso probablemente non teña a brillantez esixida pola ocasión, dada a alta calidade do mesmo, aínda que si espero goce da súa aprobación la brevidade do mesmo.

Quero iniciar esta intervención felicitando ao novo Académico Correspóndete da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia D. Samuel Jesús Juárez Casado polo seu discurso.

É norma destes actos académicos o desenvolvemento do currículo do recipiendario. Non é tarefa fácil pero, polo menos, vouno a intentar.

Samuel Juárez, condecorado coa *Gran Cruz de la Orden del Mérito Pesquero* del reino de España, e a *Ordre du Mérite Agricole de la République Française*, naceu xa vai para corenta e tantos anos en La Bañeza, (Leon), na comunidade veciña de Castilla-Leon, de onde é orixinaria a súa familia. En Lugo, en toda Galicia, todos coñecemos ao colega D. Samuel Juárez Gutiérrez pai do recipiendario.

Pero, circunstancias da vida, por aqueles tempos, unha das saídas profesionais máis socorrida dos recen licenciados veterinarios castellano-leoneses era virse a Galicia, polo que, moito antes de comezar a andar,

créanme moito antes, xa estaba na zona da montaña de Lugo a onde viu traballar seu pai, Navia, Cervantes, Becerreá,

Por iso, nunca mellor dito aquilo de que Samuel deu os seus primeiros pasos en Lugo.

Viviu en Lugo, estudou en Lugo, casou en Lugo. Eso si, foise a estudar a carreira de Veterinaria a León (de aquela non existían estas magníficas instalacións da Facultade aquí) e logo iniciou a súa vida laboral en Lugo. Logo viría un longo periplo que tratarei de resumir o máximo que poda.

Samuel Juárez é Licenciado en Veterinaria, especialidade de Bromatoloxía, Sanidade e Tecnoloxía dos Alimentos pola Facultade de Veterinaria de León.

Despois de iniciar a súa actividade profesional el Lugo, en diversos circuítos de inseminación gandeira entre abril e decembro de 1988 comeza a súa andaina de traballos para a administración como coordinador das campañas de saneamento gandeiro en Ourense. ¡E, créanme, non era un traballo sinxelo!. Baste recordar que aquel ano foi o primeiro no que se facía a campaña en toda a provincia. Incluso non había equipos de veterinarios propios e tiñamos que ir dende as diferentes provincias a traballar durante dúas semanas, “trasladados de xeito forzoso” a Ourense.

Alí, en Ourense, máis concreto en Viana do Bolo foi onde coñecín a Samuel. Nosoutros, os integrantes do equipo 1 da mariña de Lugo “baixabamos” a Ourense para revisar a cabana gandeira da zona de Verín: en Oímbra, Monterrey, Vilardevós, Castrelo do Val, Laza e Vilariño de Conso e no propio Verín.

¿Qué tempos aqueles?. Acórdome da imaxe de Samuel vindo a darnos as instrucións, “voando baixo” nun dous cabalos da consellería Agricultura.

Aí é onde se comezaron a coñecer as dotes de organización do recipiendario, coordinando equipos de veterinarios de toda Galicia, deseñando os plans e supervisando o traballo de campo e iniciando as súas relacións máis intensamente co sector gandeiro.

Compaxinando este traballo, ten tempo para obter o Diploma en Sanidade pola *Escuela Nacional de Sanidad* e para superar as complicadas oposicións ao *Cuerpo Nacional Veterinario* converténdose en funcionario do Estado.

Dende abril de 1990 ata xaneiro de 1991 é destinado a Vigo como *Jefe de Sección de Sanidad Exterior* dependente do *Ministerio de Sanidad y Consumo*.

Alí coñece da inspección dos produtos alimenticios de importación ou exportación, a aplicación das normas e protocolos sanitarios para o comercio internacional de produtos alimenticios, o seguimento de infraccións ás normas sanitarias e veterinarias no tráfico internacional, etc.

En xaneiro de 1991 entra na Administración da Xunta de Galicia “fichado” como Subdirector Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras pasando en decembro de 1993 a ocupar o posto de Director Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras.

Xestión de pesqueiras, deseño, proposta e xestión orzamentaria, xestión de contratos, representación do Goberno autónomo de Galicia nas súas relacións

coa industria e o sector pesqueiro... foron os seus principais cometidos.

En maio de 1996, da o salto nacional, sendo chamado polo Gobierno del Estado para ocuparse da *Secretaría General de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*.

Aquí, coa base do seu traballo previo en Galicia, ocúpase da xestión das pesqueirías españolas, tanto nacionais e internacionais; a representación de España no consello de ministros da Unión Europea, así como na FAO e noutros foros internacionais; a representación do Gobierno de España nas súas relacións cos sectores privados pesqueiros nacionais e estranxeiros.

É, así mesmo, Presidente do IEO -Instituto Español de Oceanografía-, e membro do Consello de Administración da *Empresa Pública Puertos del Estado*, e da *Empresa Nacional MERCASA* entre outros.

En febreiro de 2002, da o salto internacional ocupando, durante máis de seis anos, un tempo nada normal nestes cargos, o posto de *Consejero de Agricultura, Pesca y Alimentación* na Embaixada de España nos EEUU, en Washington dirixindo e xestionando, como non, a Oficina de Agricultura, Pesca e Alimentación naquel país.

As funcións aquí desenroladas ampliáanse pola importancia das relacións cos gobernos dos EEUU e do Canadá en materias de agricultura, pesca e alimentación.

Fai o seguimento, análise e elaboración de informes sobre asuntos comerciais bilaterais, encárgase da defensa dos intereses españois ante estes gobernos,

presta asistencia ás empresas exportadoras españolas para o cumprimento das normativas, fai o seguimento, análise e elaboración de informes sobre políticas agrarias, comerciais e pesqueiras dos EEUU e Canadá.

Así mesmo, e continuando a súa labor pesqueira, representa a España ante as organizacións rexionais de pesca con sede na zona, en particular ante a *Comisión Interamericana del Atún Tropical (CIAT)*, da que chega a ser nomeado presidente entre 2005 e 2006 e ante a *Organización de Pesca del Atlántico Noroccidental (NAFO)* con sede en Halifax (Canadá).

Tamén representa a España ante a *Organización de las Naciones Unidas (ONU)* nos asuntos relacionados coa pesca e o dereito do mar, realizando o seguimento da posición dos EEUU e de Canadá na *Ronda de Doha de la Organización Mundial del Comercio*.

En setembro de 2008, volve a dar o salto internacional á inversa regresando a España pasando a ocupar un posto de *Asesor del Gabinete del Secretario de Estado de Medio Rural y Agua, del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino*, encargándose de realizar, neste caso, o seguimento e análise das políticas agrarias e medioambientais da *OCDE-Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos*.

Encárgase da representación de España nos comités de Agricultura e Mercados, e de Agricultura e Medio Ambiente da OCDE, continua co seguimento e análise das negociacións da *Ronda de Doha de la Organización Mundial del Comercio*; das políticas agrarias e medioambientais dos EEUU; das políticas comunitarias, e en particular dos asuntos de dous Consellos de Ministros da Unión Europea: o de Agricultura e o de Medio Ambiente.

Non contento con todo esto, simultanea esta actividade con un novo proxecto internacional como Xefe de Equipo do Proxecto de cooperación da Comisión Europea “Europe Aid– Technical Assistance in Project Management and Fisheries Information System” no Yemen, nese remoto país da península arábica. Creo recordar que era uno dos poucos occidentais que se atrevían a viaxar ao Yemen neses días, nos que todas as Embaixadas se tiñan desprazado aos países limítrofes.

Agora, co novo Goberno saído das recentes eleccións autonómicas, este lucense “moi viaxado”, da un novo salto, de momento é o último, estou seguro que non será o derradeiro. Un salto á inversa, o salto autonómico, pasando a facerse cargo da consellería do Medio Rural dende o pasado 20 de abril, consellería esencial nunha comunidade como a nosa que vive moi vinculada ao campo.

Xa centrándonos no que foi este interesante discurso de entrada, vemos, como non podía ser doutra maneira neste veterinario tan “viaxeiro”, que se refire ao que tanto se está a empregar como medida de “veto comercial” como é a **SANIDADE ANIMAL, NO COMERCIO INTERNACIONAL.**

É de todos coñecido que diferentes estados, en aras dun proteccionismo esaxerado das súas producións, están a artellar diferentes trabas ao libre comercio, e vimos de ver como unha das máis representativas son estas derivadas da aplicación “dun xeito avieso” da normativa de sanidade animal.

Estase a falar dun volume de negocio polos intercambios mundiais de alimentos que superan os 450.000 millóns de euros cada ano, e destas

cantidades, como acabamos de escoitar as catro quintas partes proceden de alimentos transformados, coa importancia socio-laboral que ten.

Como ben quedou de manifesto existen razóns lexítimas para as restricións no comercio de animais e dos seus produtos pero só co fin de evita a difusión de axentes nocivos para as persoas ou para os animais, e para a evitar a difusión de novas enfermidades inicialmente circunscritas a unha determinada rexión xeográfica. Proteccións sanitarias que, en ningún caso deben caer nun proteccionismo comercial condenable a todos os efectos.

A escusa do emprego de xustificacions de índole sanitario para disimular este proteccionismo é, desgraciadamente para un país tan exportador neste campo como somos España, un fenómeno que limita as posibilidades de expansión no comercio internacional.

Recentemente vimos de ter un exemplo claro. Debido á gripe tipo A que aínda estamos a pasar, unha medida netamente proteccionista foi a prohibición da entrada de carne de porco por parte das autoridades de Rusia, que tanto afectou, e está a afectar aos produtores españois.

Houbo que empregarse a fondo diplomaticamente para solventar este asunto pero o prexuízo xa estaba feito.

Escoitamos falar do GATT (*Acuerdo General sobre Aranceles y Comercio*), da Ronda Uruguay, da OMC (*Organización Mundial do Comercio*), da Ronda de Doha, do SPS (*Acuerdo de Medidas Sanitarias y Fitosanitarias*), do OSD (*Órgano de Solución de Diferencias*) da OMSA (*Organización Mundial de la sanidad Animal* (antes coñecida por Oficina Internacional

de Epizootias –OIE), das diferentes Comisiões Especializadas en temas sanitarios: animais terrestres, enfermidades dos animais, norma biolóxicas, animais acuáticos...., Grupos permanentes de traballo, do TRT (*Acordo de Barreiras Técnicas ao Comercio*) etc.

Vemos que organismos e normas que establezan restricións e controis para protexer a saúde pública (animal e humana) existen.

Vemos que a intención do lexislador é clara en canto a transparencia, a harmonización, a xestión do risco cientificamente, a equivalencia e a rexionalización das diferentes medidas que se poden adoptar.

Vemos que as claves para un libre comercio de animais e produtos animais sen discriminacións infundadas existen.

E vemos, que aínda así, este “dereito de veto” no que se pode converter a aplicación inadecuada das barreiras sanitarias, segue a ser unha moeda de cambio tristemente habitual na sociedade contemporánea.

O recipiendario, ben coñecedor das diferentes actuacións postas en marcha polos gobernos de Canadá e EEUU, por mor do seu traballo aló, relatounos, polo miúdo, diferentes exemplos:

- O contencioso entre Canadá contra Australia referente a exportacións de salmón, o contencioso entre EEUU e o Xapón por mor de froitas e verduras.
- E máis profusamente, o contencioso da carne de animais criados

con hormonas promotoras do crecemento entre a Unión Europea e os EEUU .

Como remataba este interesante discurso a sanidade animal “mal empregada” diría eu, está adquirindo un papel cada vez máis relevante no comercio internacional de animais e dos seus produtos.

A globalización, a internacionalización dos mercados fai necesario que os produtores teñan un escenario claro para manter a rendibilidade das explotación por mor de manter este tipo de mercados.

Os órganos de control teñen a obriga de funcionar máis axilmente e a de esixir a aplicación correcta das medidas sanitarias e fitosanitarias que establezan estas normas e condicións baixo as que se poden ou non se poden establecer barreiras sanitarias ao comercio.

E neste temos moito que dicir os veterinarios.

Quero finalizar esta intervención felicitándonos a todos os membros desta Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia de que Samuel Jesús Juárez Casado sexa xá Académico Correspondente, e tamén polo brillante futuro que nos espera a todos.

Queda moito traballo por diante nesta Academia. Cada día somos máis. Somos conscientes que, co apoio de todos os Académicos que xa somos,

e os que virán, darémoslle un bo servizo a sanidade animal, á sanidade pública e, en definitiva, a Galicia.

Moitas gracias.

Sesiones Científicas

26 de marzo de 2009

Toma de posesión del académico correspondiente Dr. D. Manuel Ángel Barros González, que con la lectura del discurso de entrada bajo el título “La protección de los consumidores en materia de seguridad de los productos”, tuvo lugar en la sala de juntas de la Facultad de Veterinaria de Lugo. La respuesta al nuevo académico fue dada por el Dr. D. Miguel Fernández Rodríguez, académico numerario y secretario general de la corporación, que glosó los méritos académicos y profesionales del correspondiente incorporado, destacando sus aportaciones en su etapa al frente de distintos cargos de la Xunta de Galicia, en materia de sanidad y producción animal. Además, remarcó algunas cuestiones planteadas en el discurso del recipiendario por la importancia que tienen para los consumidores.

16 de abril de 2009

David Fernández García toma posesión como académico correspondiente, durante la sesión académica solemne que tuvo lugar en la sala de juntas de la Facultad de Veterinaria de Lugo. El nuevo académico dedicó su discurso de ingreso a “La validación de métodos de ensayo de ELISA”. Para responder al académico entrante, la Academia designó al Profesor Dr. D. Pablo Díez Baños, académico numerario y Vicepresidente de la corporación, que glosó los méritos académicos y profesionales del correspondiente incorporado, destacando sus importantes aportaciones al Laboratorio de Sanidad y Producción Animal de Galicia, situándolo bajo su dirección en un centro de la máxima excelencia, reconocido a nivel nacional e internacional y de

referencia en múltiples determinaciones analíticas. La sesión solemne fue clausurada por el Presidente Benedito Castellote, que agradeció a todos los presentes por su asistencia y reiteró la importancia de la labor realizada en el Laboratorio “Pecuario” de Lugo fruto de la labor de los facultativos del mismo bajo la dirección del recipiendario y de la decidida apuesta de los Académicos Crespo Iglesias y Fernández Rodríguez en sus etapas directivas en la Xunta de Galicia.

30 de abril de 2009

Cástor José Rivero Martínez, ingresa como académico correspondiente durante la solemne sesión académica que tuvo lugar en el salón de actos del Centro de Recursos Zootenéticos de Galicia, en el Pazo de Fontefiz, Coles (Ourense). El académico entrante tituló su discurso de ingreso “Las razas autóctonas y el desarrollo sostenible”. La respuesta al nuevo académico fue dada por el Dr. D. Miguel Fernández Rodríguez, académico numerario y secretario general de la corporación, que glosó los méritos académicos y profesionales del correspondiente incorporado, destacando su dilatada trayectoria al estudio, conservación y promoción de las razas autóctonas de Galicia en peligro de extinción. Además, remarcó algunas cuestiones planteadas en el discurso del recipiendario como la importancia de la ganadería y en particular de las razas autóctonas de ganado en el medio ambiente a través de la modelación de los agroecosistemas, cuyo resultado es el paisaje agrario, que en caso de Galicia se inicia entre los siglos V y VI, tal como se ha demostrado recientemente. Además, corroboró las tesis expuestas por el recipiendario con la reciente secuenciación completa del genoma del ganado bovino, como ha sido publicado en la revista Science del pasado 24 de abril. La sesión solemne fue clausurada por el Presidente

Benedito Castellote, que agradeció al numeroso auditorio presente su asistencia y constató la importante herencia recibida en materia de recursos zogenéticos autóctonos, gracias a la labor desarrollada por facultativos veterinarios como Francisco Senén Álvarez Yebra y Federico Rodríguez Álvarez, ambos académicos de honor de la corporación.

14 de mayo de 2009

Toma de posesión del Dr. D. Samuel Jesús Juárez Casado como académico correspondiente, durante la solemne sesión académica que tuvo lugar en la sala de juntas de la Facultad de Veterinaria de Lugo. El discurso del académico entrante se tituló “ La sanidad animal en el comercio internacional”. La respuesta al nuevo académico fue dada por el académico numerario Andrés Hermida Trastoy, que glosó los numerosos méritos académicos y profesionales del correspondiente incorporado, destacando su dilatada trayectoria tanto a nivel autonómico, como nacional e internacional. Además, remarcó algunas cuestiones planteadas en el discurso del recipiendario como la importancia creciente de la sanidad animal en el comercio internacional de animales y sus productos y el papel relevante que está jugando la Organización Mundial de Comercio (OMC). La sesión solemne fue clausurada por el Presidente Benedito Castellote, que agradeció al auditorio presente su asistencia y reiteró que el nombramiento del académico entrante había sido realizado en junio de 2007, por lo tanto muy anterior a la reciente responsabilidad como Conselleiro de Medio Rural de la Xunta de Galicia.